



PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS

ANO:

2015

TÍTULO:

SUBMINISTRACIÓN DE CARBURANTES PARA OS VEHÍCULOS DO
PARQUE MÓBIL E MAQUINARIA MUNICIPAL.

ADMINISTRACIÓN CONTRATANTE:

CONCELLO DE SANXENXO

ENXEÑEIRO TÉCNICO MUNICIPAL:

JOSÉ M^a TRONCOSO VIÑAS

DATA:

FEBREIRO 2015

Firma manuscrita en azul sobre a data.



SUBMINISTRACIÓN DE CARBURANTES PARA OS VEHÍCULOS DO PARQUE MÓBIL E MAQUINARIA MUNICIPAL.

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS.

SUBMINISTRACIÓN DE CARBURANTES, EN ESTACIÓN DE SERVIZO, PARA OS VEHÍCULOS DO PARQUE MÓBIL E MAQUINARIA MUNICIPAL.

1. OBXECTO DO CONTRATO

O Concello de Sanxenxo pretende levar a cabo os trámites necesarios para contratar a subministración de carburantes, en estación de servizo, para os vehículos do parque móbil e maquinaria municipal.

A subministración de carburantes para os vehículos do parque móbil e maquinaria municipal é unha condición imprescindible para o desenvolvemento das actividades e tarefas asignadas ao mesmos.

As necesidades administrativas a satisfacer mediante a presente licitación consisten na racionalización do gasto, un maior control por parte da Administración e unha mellora da xestión do consumo dos carburantes.

O contrato obrigará ao contratista a entrega dos carburantes, en estación de servizo, de forma sucesiva e por prezo/litro, sen que a contía total se defina con exactitude ao tempo de asinar o contrato, por estar subordinadas as subministracións de carburantes ás necesidades da Administración, indicando o seu custo anual con carácter estimado no Anexo-1.

Os tipos de carburantes a subministrar, segundo as necesidades, trátase de:

- Gasóleo de automoción – Clase A.
- Gasolina sen chumbo 95.
- Gasolina sen chumbo 98.

A presente licitación ten por obxecto regular as condicións técnico-económicas que han de rexer a subministración dos carburantes.

Para elo a Administración contratará dita subministración con empresas do sector, previa a realización dos trámites legais e administrativos que procedan, as cales levarán a cabo as actuacións reflectidas no presente Prego tomando como base as condicións legais e técnicas reflectidas no mesmo.

2. NATUREZA DAS ACTUACIÓNS CONTEMPLADAS NO PRESENTE PREGO

Trátase dun contrato de subministración.

3. RELACIÓN DE VEHÍCULOS PERTENCENTES AO PARQUE MÓBIL MUNICIPAL AOS CALES SE SUBMINISTRARÁ CARBURANTE EN ESTACIÓN DE SERVIZO.

A relación de vehículos pertencentes ao parque móbil municipal, así como a maquinaria municipal para os cales se subministrará carburante, en estación de servizo, será a seguinte:

VEHÍCULO	MATRÍCULA	SERVIZO	TIPO CARBURANTE
Nissan Qashqai	0373-HGK	Policía Local	Gasóleo Automoción-Clase A
Nissan Qashqai	1745-GWS	Policía Local	Gasóleo Automoción-Clase A
Citroën Xsara	PO-1885-BN	Policía Local	Gasóleo Automoción-Clase A
Citroën Jumper	9917 FML	Policía Local	Gasóleo Automoción-Clase A
Ssangyong Actyon	6895 GGL	Policía Local	Gasóleo Automoción-Clase A
Renault Megane Scenic	2101 GNP	Policía Local	Gasóleo Automoción-Clase A
Nissan Qashqai	1716-GWS	Medio Ambiente	Gasóleo Automoción-Clase A
Suzuki Vitara	9589 BML	Urbanismo	Gasóleo Automoción-Clase A
Nissan Qashqai	1717-GWS	Urbanismo	Gasóleo Automoción-Clase A
Nissan Qashqai	1751-GWS	Infraestruturas	Gasóleo Automoción-Clase A
Citroën C3	1541 GWS	Notificador	Gasóleo Automoción-Clase A
Motocicleta Honda Transalp 650	5635 BZL	Policía Local	Gasolina sen chumbo 95
Motocicleta Honda Transalp 650	5636 BZL	Policía Local	Gasolina sen chumbo 95
Motocicleta Suzuki Burgman 125	9535 FDD	Policía Local	Gasolina sen chumbo 95
Motocicleta Piaggio 300	5796 GZW	Policía Local	Gasolina sen chumbo 95
Ciclomotor Peugeot Elyséo	C 1797 BMB	Policía Local	Gasolina sen chumbo 95
Ciclomotor Peugeot Elyséo	C 1798 BMB	Policía Local	Gasolina sen chumbo 95
Ciclomotor Peugeot Elyséo	C 1799 BMB	Policía Local	Gasolina sen chumbo 95
Ciclomotor Peugeot Elyséo	C 9754 BNJ	Policía Local	Gasolina sen chumbo 95
Ciclomotor Peugeot Elyséo	C 9758 BNJ	Policía Local	Gasolina sen chumbo 95
Ciclomotor Peugeot Elyséo	C 9763 BNJ	Policía Local	Gasolina sen chumbo 95
Ciclomotor Peugeot Elyséo	C 9768 BNJ	Policía Local	Gasolina sen chumbo 95
Camión Mercedes Atego	0600 GCY	Bombeiros	Gasóleo Automoción-Clase A
Camión Mercedes Unimog	5959 BSG	Bombeiros	Gasóleo Automoción-Clase A
Furgón Volkswagen LT	8322 BMH	Bombeiros	Gasóleo Automoción-Clase A
Nissan Terrano	1625 BZX	Bombeiros	Gasóleo Automoción-Clase A
Furgón aluguer tempada verán	-----	Salvamento Praias	Gasóleo Automoción-Clase A
Citroën Berlingo	1712 GWS	Limpeza Praias	Gasóleo Automoción-Clase A
Citroën Berlingo	1708 GWS	Limpeza Praias	Gasóleo Automoción-Clase A
Tractor Valtra	E 4006 BCR	Limpeza Praias	Gasóleo Automoción-Clase A
Tractor Valtra	E 4008 BCR	Limpeza Praias	Gasóleo Automoción-Clase A
Tractor John Deere	PO 42828 VE	Limpeza Praias	Gasóleo Automoción-Clase A
Tractor Massey Ferguson	PO 48517 VE	Limpeza Praias	Gasóleo Automoción-Clase A
Camión Nissan Cabstar	1980 CWB	Parques e Xardíns	Gasóleo Automoción-Clase A
Citroën Berlingo	1611 GWS	Parques e Xardíns	Gasóleo Automoción-Clase A
Citroën Berlingo	1647 GWS	Parques e Xardíns	Gasóleo Automoción-Clase A

Tractor Massey	E 5305 BFX	Parques e Xardíns	Gasóleo Automoción-Clase A
Citroën Berlingo	1583 GWS	Alumado Público	Gasóleo Automoción-Clase A
Camión Nissan Cabstar	1606 FHS	Alumado Público	Gasóleo Automoción-Clase A
Citroën Berlingo	1675 GWS	Obras	Gasóleo Automoción-Clase A
Furgón Nissan Primastar	2043 GNS	Obras	Gasóleo Automoción-Clase A
Camión Iveco	0696 FWD	Obras	Gasóleo Automoción-Clase A
Dumper	5454 BCR	Obras	Gasóleo Automoción-Clase A

4. RELACIÓN DE MAQUINARIA ADSCRITA AOS DIVERSOS SERVIZOS MUNICIPAIS Á CAL SE SUBMINISTRARÁ COMBUSTIBLE EN ESTACIÓN DE SERVIZO.

A relación de maquinaria adscrita aos diversos servizos municipais para os cales se subministrará carburante, en estación de servizo, será a seguinte:

MAQUINARIA/ Nº UNIDADES	SERVIZO	TIPO CARBURANTE
Bomba de achique gran caudal/ 1 Ud.	Bombeiros	Gasóleo Automoción-Clase A
Bomba hidrolimpiadora alta presión/ 1 Ud.	Bombeiros	Gasolina sen chumbo 95/Mezcla
Equipo cargador botellas de aire/ 1 Ud.	Bombeiros	Gasolina sen chumbo 95/Mezcla
Bomba equipo excarcelación/ 2 Ud.	Bombeiros	Gasolina sen chumbo 95/Mezcla
Serra Circular/ 2 Ud.	Bombeiros	Gasolina sen chumbo 95/Mezcla
Motoserra/ 4 Ud.	Bombeiros	Gasolina sen chumbo 95/Mezcla
Ventilador de presión positiva/ 1 Ud.	Bombeiros	Gasolina sen chumbo 95/Mezcla
Bombas de achique/ 3 Ud.	Bombeiros	Gasolina sen chumbo 95/Mezcla
Xeradores electricidade/ 4 Ud.	Bombeiros	Gasolina sen chumbo 95/Mezcla
Motor fora borda embarcación/ 4 Ud.	Salvamento Praias	Gasolina sen chumbo 95
Maquinillo Goldoni (PO 47666 VE)	Limpeza Praias	Gasóleo Automoción-Clase A
Desbrozadora/ 5 Ud.	Limpeza Praias	Gasolina sen chumbo 95/Mezcla
Motoserra/ 1 Ud.	Limpeza Praias	Gasolina sen chumbo 95/Mezcla
Tractor corta céspede John Deere/ 2 Ud.	Parques e Xardíns	Gasolina sen chumbo 95
Motocultor/ 1 Ud.	Parques e Xardíns	Gasóleo Automoción-Clase A
Corta céspede/ 6 Ud.	Parques e Xardíns	Gasolina sen chumbo 95
Motoserra/ 4 Ud.	Parques e Xardíns	Gasolina sen chumbo 95/Mezcla
Corta setos/ 2 Ud.	Parques e Xardíns	Gasolina sen chumbo 95/Mezcla
Soprador manual/ 2 Ud.	Parques e Xardíns	Gasolina sen chumbo 95/Mezcla
Desbrozadora/ 8 Ud.	Parques e Xardíns	Gasolina sen chumbo 95/Mezcla
Xeradores electricidade/ 2 Ud.	Obras	Gasolina sen chumbo 95/Mezcla
Bomba hidrolimpiadora alta presión/ 2 Ud.	Obras	Gasolina sen chumbo 95/Mezcla

5. NOVAS INCORPORACIÓNS DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA MUNICIPAIS PARA A SUBMINISTRACIÓN DE CARBURANTE.

As novas incorporacións de vehículos ao parque móbil municipal ou a adquisición de nova maquinaria; no que ao subministro de carburante se refire, serán engadidos ao listado correspondente que está reflectido nas anteriores cláusulas 3 e 4 do presente Prego, segundo proceda.

Estas incorporacións serán debidamente comunicadas ao adxudicatario da subministración de carburante para o seu coñecemento a efectos da subministración do combustible que proceda, nas mesmas condicións que as establecidas no presente Prego.

O adxudicatario só poderá subministrar carburantes aos vehículos e maquinaria municipais que estean incluídos nos listados das cláusulas 3 e 4 do presente Prego.

6. ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS QUE DEBEN CUMPRIR OS COMBUSTIBLES SUBMINISTRADOS.

As especificacións técnicas que deben cumprir os carburantes subministrados axustaranse as seguintes:

- Real Decreto 61/2006, de 31 de xaneiro, polo que se determinan as especificacións técnicas de gasolinas, gasóleos, fuelóleos e gases licuados do petróleo e se regula o uso de determinados biocarbures.
- Normativa europea en vigor que afecte aos combustibles derivados do petróleo e a súa subministración.

7. CALIDADE QUE DEBE CUMPRIR A SUBMINISTRACIÓN DOS COMBUSTIBLES.

- A calidade dos carburantes subministrados axustarase ao previsto no citado Real Decreto 61/2006, de 31 de xaneiro, así como á normativa europea en vigor que afecte á calidade dos combustibles derivados do petróleo e a súa subministración.
- O adxudicatario estará obrigado a adaptarse en todo momento á lexislación en vigor referente á calidade dos produtos subministrados.
- Os produtos obxecto da subministración, durante a vixencia do contrato, serán os mesmos que se expendan nas estacións de servizo para o seu consumo en xeral, cumprindo as especificacións, normas e preceptos legais que permitan a súa venda normal ao público.
- Non se admitirá que a calidade de calquera clase de carburante subministrado afecte aos vehículos ou maquinaria para os cales vai destinado.
- Co obxecto de comprobar a calidade do subministro dos diferentes carburantes incluídos no presente Prego, a Administración contratante poderá requirir ao adxudicatario, durante a vixencia do contrato, ata un máximo de 3 análises técnicos. Ditos análises técnicos serán realizados por un Laboratorio externo independente, debidamente homologado, e custeados polo adxudicatario.
- Si como consecuencia de ditos análises se detectase que a calidade do subministro dos diferentes carburantes non cumpre as condicións establecidas no presente Prego, o adxudicatario estará obrigado a indemnizar a Administración polos danos causados, se os houberse, todo elo sen prexuízo das sancións que se poidan establecer ao efecto.

8. CARACTERÍSTICAS XERAIS QUE DEBERÁN CUMPRIR AS ESTACIÓNS DE SERVIZO QUE SUBMINISTREN OS CARBURANTES VINCULADOS AO PRESENTE PREGO.

O adxudicatario do contrato deberá contar, polo menos, **cunha estación de servizo de carburantes**; a cal deberá cumprir, como mínimo, coas seguintes características:

- Estar en posesión de todas as autorizacións, licenzas e demais requisitos normativos e legais necesarios para levar a cabo a actividade de subministro de carburantes, nas condicións establecidas no presente Prego.

- Ofrecer, como mínimo, o servizo durante 8 horas diarias ininterrompidas, contadas a partir das 8 a.m.
- Ter accesibilidade para toda clase de vehículos.

8.1 UBICACIÓN DAS ESTACIÓNS DE SERVIZO. DISTANCIA MÁXIMA.

Por motivos de operatividade no traballo dos distintos departamentos municipais e co obxecto de evitar largos desprazamentos do persoal municipal para a realización do repostaxe dos carburantes, co evidente prexuízo económico que isto suporía para o Concello en concepto de custos de desprazamento e tempo utilizado polo persoal municipal, **establecese unha distancia máxima de 15 km. contados dende a Casa Consistorial (km. 0) ata a estación de servizo onde se produza a repostaxe dos carburantes.** Esta distancia computarase a través das estradas habituais maiormente utilizadas e no seu percorrido máis curto.

En base a isto sería conveniente, en aras de obter a puntuación da forma máis obxectiva posible, atribuír tramos de puntuación aos licitadores, en función da distancia quilométrica existente entre a Casa Consistorial e a estación de servizo onde se realizará a repostaxe dos carburantes.

9. SISTEMA DE CONTROL DA SUBMINISTRACIÓN DOS CARBURANTES.

9.1.- CARBURANTES SUBMINISTRADOS, EN ESTACIÓN DE SERVIZO, AOS VEHÍCULOS PERTENCENTES AO PARQUE MÓBIL MUNICIPAL.

En cada repostaxe de carburante realizado na estación de servizo vinculada ao adxudicatario do contrato, o condutor autorizado do vehículo pertencente ao parque móbil municipal solicitará, ao adxudicatario do contrato, o carburante necesario para o vehículo municipal en cuestión, previa comprobación polo responsable da estación de servizo de que o vehículo para o cal se solicita o carburante está incluído no listado da cláusula 3 do presente Prego.

Unha vez realizado o repostaxe de carburante, o condutor autorizado do vehículo municipal e o responsable da estación de servizo deberán cubrir un **“albarán de repostaxe”** que será asinado por ámbolos dous. Dito “albarán de repostaxe” conterá, como mínimo, a seguinte información:

- Nome e razón social da estación de servizo.
- Marca, modelo e matrícula do vehículo municipal para o que se subministra o carburante.
- Departamento ou servizo ao que está adscrito o vehículo municipal para o que se subministra o carburante.
- Tipo de carburante subministrado.
- Cantidade de carburante subministrado.
- Prezo/litro do carburante subministrado.
- Nome, apelidos e DNI do condutor autorizado do vehículo municipal para o que se subministra o carburante.
- Nome, apelidos e DNI do responsable da estación de servizo que realiza a subministración de carburante.
- Data e hora no que realiza a subministración.
- Sinatura do condutor autorizado do vehículo municipal.
- Sinatura do responsable da estación de servizo.

Unha copia deste “albarán de repostaxe” será entregado, por parte do condutor autorizado do vehículo municipal que realizou o repostaxe, ao Concelleiro responsable do Departamento ou Servizo ao que

este adscrito o vehículo municipal. O Concelleiro fará entrega deste albarán ao Departamento de Intervención Municipal para a súa tramitación.

Outra copia do “albarán de repostaxe” quedará en posesión da estación de servizo que realizou a subministración de carburante.

O adxudicatario acompañará, xunto coas facturas de subministración de carburante que correspondan, a totalidade dos “albaráns de repostaxe” debidamente cubertos e dilixenciados e que estean vinculados a ditas facturas.

Non se tramitará ningunha factura de subministración de carburante que non leve aparellada a totalidade dos “albaráns de repostaxe” debidamente cubertos e dilixenciados e que dean cobertura á subministración de carburante da referida factura.

9.2.- CARBURANTES SUBMINISTRADOS, EN ESTACIÓN DE SERVIZO, PARA A MAQUINARIA ADSCRITA AOS DIVERSOS SERVIZOS MUNICIPAIS.

Os responsables municipais de cada Departamento ou Servizo (bombeiros, salvamento de praias, limpeza de praias, parques e xardíns, obras) solicitará, ao adxudicatario do contrato, o carburante necesario para a maquinaria do servizo municipal correspondente.

A recollida do carburante necesario realizarase en recipientes homologados, os cales deberán ser aportados pola Administración ao responsable do Departamento ou Servizo municipal correspondente.

Unha vez realizada a recollida de carburante, o responsable municipal do Servizo e o responsable da estación de servizo deberán cubrir un **“albarán de subministro de carburante”** que será asinado por ámbolos dous. Dito “albarán de subministro de carburante” conterá, como mínimo, a seguinte información:

- Nome e razón social da estación de servizo.
- Departamento ou Servizo municipal ao que está adscrito a maquinaria para a que se subministra o carburante.
- Tipo de carburante subministrado.
- Cantidade de carburante subministrado.
- Prezo/litro do carburante subministrado.
- Nome, apelidos e DNI do responsable municipal do Departamento ou Servizo para o que se subministra o carburante.
- Nome, apelidos e DNI do responsable da estación de servizo que realiza a subministración de carburante.
- Data e hora no que realiza a subministración.
- Sinatura do responsable municipal do Departamento ou Servizo.
- Sinatura do responsable da estación de servizo.

Unha copia deste “albarán de subministro de carburante” será entregado, por parte do responsable municipal do Departamento ou Servizo que realizou a recollida de carburante, ao Concelleiro responsable do Departamento ou Servizo ao que estea adscrito a maquinaria. O Concelleiro fará entrega deste albarán ao Departamento de Intervención Municipal para a súa tramitación.

Outra copia do “albarán de subministro de carburante” quedará en posesión da estación de servizo que realizou a subministración de combustible.

O adxudicatario acompañará, xunto coas facturas de subministración de carburante que correspondan, a totalidade dos “albaráns de subministro de carburante” debidamente cubertos e dilixenciados e que estean vinculados a ditas facturas.

Non se tramitará ningunha factura de subministración de carburante que non leve aparellada a totalidade dos “albaráns de subministro de carburante” debidamente cubertos e dilixenciados e que dean cobertura á subministración de combustible da referida factura.

10. DETERMINACIÓN DOS PREZOS UNITARIOS PARA A SUBMINISTRACIÓN DOS CARBURANTES, EN ESTACIÓN DE SERVIZO.

Para calcular o prezo de cada carburante, aplicarase a porcentaxe de desconto ofertado polo adxudicatario ao prezo que para cada litro de carburante (**€/litro, con tres decimais**) figure no surtidor da estación de servizo, **sen impostos**. A esta cantidade se lle engadirán os impostos en vigor.

Os prezos dos carburantes deberán coincidir, en todo caso, cos prezos publicados na páxina web oficial do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo (**Geoportal: <http://geoportalgasolineras.es>**)


O gasto anual estimado de consumo de carburante dos vehículos do parque móbil e maquinaria municipais están reflectidos no Anexo -1 do presente Prego.

11. DURACIÓN DO CONTRATO.

A duración do presente contrato será dende o 1 de maio de 2015 ata o 31 de decembro de 2017.

Sanxenxo, Febreiro de 2015

Enxeñeiro Técnico Municipal



Asdo: José María Troncoso Viñas

ANEXO – 1
DATOS ESTIMADOS DO
GASTO ANUAL POR
CONSUMO DE
CARBURANTES PARA
OS VEHÍCULOS E
MAQUINARIA
MUNICIPAIS



CONCELLO DE

SANXENXO

Consistorio, 4
36960 Sanxenxo
Pontevedra

Tel.: 986 720 075
Fax: 986 721 022

**ANEXO-1 – DATOS ESTIMADOS DO GASTO ANUAL POR CONSUMO
DE CARBURANTES PARA OS VEHÍCULOS E MAQUINARIA
MUNICIPAL**

DATOS ESTIMADOS DE GASTO ANUAL

Gasto estimado anual de consumo de carburantes para vehículos e maquinaria municipais	85.000 €/ano (IVE incluído)
--	-----------------------------